



Museo  
do Pobo  
Galego



IEI  
instituto de  
estudos das  
identidades

925b

Teño de plantar un pino  
encima do teu tellado  
cando o pino bote flores  
hei de estar ó teu mandado.

141

Dous muíños a moer  
un anda e ioutro desanda  
así fai o benquerere.

118e

Hai un ano qu'estou aquí  
e por ríba dose meses  
nunca m'oirás cantar  
una copla dúas veces.

O muíño do meu pai  
eu ben lle sei o tempero  
cando está alto baixalo  
cando está baixo erghelo.

2160

Botein os corvos ó río  
púxe-nos a remollar  
o que de nación é neghro  
nunca pode branquear.

416

Dicen que el amar é vicio  
yo digo que pode sere  
el que non ama non sabe  
o que costa un ben querere.

428

Qué traballo tén os tolos  
que non saben comprender  
pensan que falar e rir  
que todo é ben querer.



Museo  
do Pobo  
Galego



IEI  
instituto de  
estudos das  
identidades

1150

Pasea ghalán pasea  
pol'amor da paseada  
dormes na cama allea.

1481

Teu pai anda decindo  
nena que yo por ti me muero  
dill'a teu pai que te colgh'  
onde tén o unto vello.

83

Unha copla hei de botar  
onde me dighan que nonhe  
alí hei de pelear.

1355

Troquei un can por un ghalgho  
o sancre todo é vermello  
quen tén diñeiro é fidalgho.

386

Carpinteiro faime un carro  
se podes faimo de ferro  
para carrexá-los homes  
desta terra ió inferno.

554

Troquei un can por un ghalgho  
o sancre todo é vermello  
quen tén diñeiro é fidalgho.

141

Dous muíños a moer  
un anda e ioutro desanda  
así fai o benquerere.

845

Tenco de subir al sielo  
un ramiño de flores  
a ver se se che van acabando  
a vida dos teus amores.



925b

Teño de plantar un pino  
encima do teu tellado  
cando o pino bote flores  
hei de estar ó teu mandado.

2078

O sombreiro da cabesa  
non o teño de tirare  
máis que a quen me paresa.

Unha vella dixo á ioutra  
polo postigo da porta:  
“Ghobernade a vosa vida  
que a miña non vos importa”.

1466a

Pasei pola túa porta  
e mirei polo ferrollo  
a ladra de túa nai  
mitium'un pau por un ollo.

1059a

Maruxiña dám'un bico  
que eu che darei un abrazo  
os bicos de Maruxiña  
cheiran muito ó tabaco.

1392

Teño un pleito con mi madre  
se no lo gano me muero  
ela quier que yo me case  
cuna niña que yo no quiero.

1978

A miña vaca marela  
vai na eira do Cotónhe  
se m'a vedes por aló  
carghareisma sablón.

189b

As miñas mans son de plata  
heinas de ter boas d'ourare  
se ben tocan o pandeiro  
millor saben traballar.



Museo  
do Pobo  
Galego



IEI  
instituto de  
estudos das  
identidades

719

Olvidanom'os amores  
olvidanon olvidanon  
e collín outros millores.

574

O ceghiño de Baíñas  
todos o mandan cantare  
e non hai nincún que diga  
ceghiño vouche paghare.